

Memoria anual do curso 2019/20

IES A Xunqueira II.

Pontevedra.

Asdo. O director.

D. Juan Carlos Pérez Mestre.





Índice

Introdución.....	5
1. As medidas de atención á diversidade aplicadas son as seguintes:.....	5
2. Estatística de alumnado.....	6
3. Cadro de persoal.....	7
4. Proxectos nos que participamos.....	8
5. Formación de profesorado.....	11
2. Avaliación do funcionamento dos órganos colexiados de goberno.....	11
1. O Consello escolar.....	11
2. A comisión de coordinación pedagóxica. (en adiante CCP).....	15
3. O claustro.....	18
3. Avaliación do funcionamento dos órganos unipersoais de goberno.....	20
1. Dinámica de traballo do equipo directivo.....	20
2. Valoración do equipo directivo sobre o grao de cumprimento da PXA e o funcionamento xeral do centro.....	21
• Cumprimento do plan de avaliación e mellora (en adiante PAM).....	21
• Control de asistencia e puntualidade do alumnado: reducir o número do alumnado que con faltas de puntualidade e o absentismo escolar en determinadas datas.....	22
• Normas de Organización e Funcionamento. (NOF).....	23
• Revisión dos documentos de centro.....	24
• Procura da participación activa de toda a comunidade educativa.....	26
• Mellora da atención á diversidade.....	27
• Desenvolvemento das competencias clave do alumnado.....	27
• Melloras no proceso de admisión (documentación, Itinerarios, oferta de materias...).....	28
• Mellora no emprego das TIC como recurso para a xestión, a ensinanza e a innovación.....	30
• Conservación e mellora das instalacións do centro.....	31
4. Informe de Dirección.....	32
1. Relación coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.....	32
2. Coordinación cos institutos de Pontevedra e doutros lugares.....	32
3. Relación coas persoas responsables de alumnado e ANPA.....	33





4.	Relación co persoal de administración e servizos. (en adiante PAS).....	35
5.	Coordinación cos centros de primaria.....	35
6.	Relación co Concello de Pontevedra.	35
7.	Relación con outras institucións.....	36
5.	Resultados por niveis e grupos.....	36
1.	Matrículas de honra.....	36
2.	Premios extraordinarios.	37
•	(pendente de convocatoria) De bacharelato.....	37
•	(pendente de convocatoria) De educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico.....	37
•	(pendente de convocatoria) De educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal.	37
3.	Probas de avaliación de bacharelato e acceso á universidade (ABAU).....	37
6.	Informe de vicedirección.	37
7.	Informe de xefatura de estudos.	38
1.	Función planificadora temporal e de agrupamento de alumnos.	38
2.	Funcións orientadoras e de coordinación docente.	41
•	Co departamento de Orientación.....	41
•	Coa Vicedirección.....	42
•	Cos departamentos didácticos.	42
•	Coas persoas titoras.....	42
•	Co alumnado e coa xunta de persoas delegadas.....	45
•	Coas persoas responsables.....	46
•	Co profesorado.	46
•	Con outras institucións.	47
3.	Funcións convivenciais e disciplinarias.....	47
4.	Conclusións.....	49
8.	Informe de secretaría.	49
1.	Aspectos económicos xerais.....	49
2.	Instalacións e equipamento.....	50
3.	Obras de acondicionamento e mellora.	50
9.	Informe ao claustro e ao Consello escolar.....	51
10.	Anexos.....	51
1.	Oferta educativa para o vindeiro curso escolar.....	51
2.	Estatísticas.	51
3.	Memoria de Vicedirección.....	51





4.	Memoria do departamentos de Orientación.	51
5.	Memorias dos departamentos didácticos.	51
•	Memoria do dep. de Bioloxía e xeoloxía.	51
•	Memoria do dep. de Debuxo.	52
•	Memoria do dep. de Economía.	52
•	Memoria do dep. de Filosofía.	52
•	Memoria do dep. de Física e química.	52
•	Memoria do dep. de Francés.	52
•	Memoria do dep. de Grego e Latín.	52
•	Memoria do dep. de Inglés.	52
•	Memoria do dep. de Lingua castelá e literatura.	52
•	Memoria do dep. de Lingua galega e literatura.	52
•	Memoria do dep. de Matemáticas.	52
•	Memoria do dep. de Música.	52
•	Memoria do dep. de Relixión.	52
•	Memoria do dep. de Tecnoloxía.	52
•	Memoria do dep. de Xeografía e historia.	52
6.	Memorias de proxectos de innovación educativa.	52
•	Memoria do Equipo de dinamización en lingua galega.	52
•	Memoria do PLAMBE - Plan de mellora de bibliotecas escolares.	52
•	Memoria do club de lectura.	52
•	Memoria dos Contratos-programa.	52
•	Programa ARCO - Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación.	52
•	Programa TEI - Tutoría entre iguais.	52
•	Memoria de plan Proxecta.	52
•	Memoria do CUALE - Formación complementaria en linguas estranxeiras.	52
•	Memoria do club de Ciencia.	52
•	Memoria do Espazo Maker.	53
•	Memoria do STEMBach.	53





Introdución.

A presente memoria tenta recoller as conclusións máis relevantes sobre o grao de cumprimento da programación xeral anual (en adiante PXA) correspondente ao presente curso escolar.

1. As medidas de atención á diversidade aplicadas son as seguintes:

- Ordinarias:
 - Desdobramentos combinados en 1º da ESO nas seguintes áreas:
 - Lingua castelá e literatura, grupos A+B e C+D.
 - Lingua galega e literatura, grupos A+B e C+D.
 - Matemáticas, grupos A+B e C+D.
 - Bioloxía e xeoloxía, grupos A+B e C+D.
 - Primeira lingua estranxeira - Inglés, grupos A+C+D, xa que o grupo B xa vai desdoblado ao ter a materia Primeira lingua estranxeira – Francés.
 - Desdobramentos combinados en 2º da ESO nas seguintes áreas: *(o grupo A xa está desdoblado ao incorporar o PMAR)*
 - Lingua castelá e literatura, grupos B+C+D.
 - Lingua galega e literatura, grupos B+C+D.
 - Matemáticas, grupos B+C+D.
 - Lingua estranxeira – Inglés, grupos C+D, xa que o grupo B xa vai desdoblado ao ter a materia Primeira lingua estranxeira – Francés.
- Extraordinarias:
 - 2º de Programa de Mellora do Aprendizaxe e Reforzo. (en adiante PMAR).
 - 3º de PMAR.
 - Exención de 2ª lingua estranxeira en Inglés e Francés.
 - Apoios en materias instrumentais en toda a ESO, segundo necesidades





conforme ao seguinte:


- Unha profesora de pedagogía terapéutica a tempo completo.
- Unha mestra para os ámbitos científico-tecnolóxico, lingüístico-social e de lingua estranxeira – Inglés en 1º e 2º da ESO, a media xornada no programa de innovación educativa “Contratos-programa, liña 1 Refórza-T”.
- Unha profesora para o ámbito científico-tecnolóxico para 3º e 4º da ESO, a media xornada no programa de innovación educativa “Contratos-programa, liña 11 PRETEC”.
- Un mestre de pedagogía terapéutica para 1º da ESO, a media xornada no programa de innovación educativa “ARCO, liña 2”.
- Unha profesora de matemáticas para 4º da ESO, a media xornada no programa de innovación educativa “ARCO, liña 3”.

2. Estatística de alumnado.

O cómputo final de alumnado matriculado na ESO, coas altas e baixas producidas ao longo do curso escolar, foi de 455 alumnos repartidos conforme á seguinte táboa.

O cómputo final de alumnado matriculado no bacharelato, coas altas e baixas producidas ao

longo do curso escolar, foi de 183 alumnos repartidos conforme á seguinte táboa.



Nivel	Ensinanza	Rateo	Grupos	Mulleres	Homes	Total
2º ESO	Ordinario	29,8	4	50	69	119
	Ordinario	29,8	4	51	60	111
	PMAR		1	5	3	8
4º ESO	Ordinario	25,5	4	48	45	93
	PMAR		1	4	5	9
	Académicas	28,8	4	53	43	96
	Aplicadas		1	12	7	19
	Ciencias	25,3	2	23	33	56
Ciencias Sociais	1,5		20	16	36	
Humanidades	0,5		9	0	9	



Nivel	Ensinanza	Rateo	Grupos	Mulleres	Homes	Total
2º BTO	Ciencias	20,5	2	12	24	36
	Ciencias Sociais		0,5	18	15	33
	Humanidades		0,5	10	3	13
				315	323	638

Do total de alumnado (638), 46 teñen nacionalidade distinta da española sendo os seus países de orixe: Albania, Alemaña, Andorra, Brasil, China, Colombia, Etiopía, Marrocos, México, Nicaragua, República Dominicana, Senegal, Suíza, Ucraína, Uruguai e Venezuela, o cal fornece dunha amalgama de nacionalidades moi nutrida, representando o 6,45% do alumnado matriculado.

Das memorias dos distintos departamentos referidas ao presente curso infírese que sería desexable que as medidas de atención a diversidade puideran aplicarse nun número maior de cursos, e especialmente nos 1º e 2º da ESO, cousa que se está a facer, xa que se observa que hai un número importante de alumnado cun alto grado de desinterese e motivación cara aos estudos.

	Mulleres	Homes	total
España	300	309	609
outras	23	23	46
Albania	1		1
Alemaña		2	2
Andorra	1		1
Arxentina			0
Brasil	1	3	4
China	4		4
Colombia	3	5	8
Etiopía	1	1	2
Marrocos	3	2	5
México		2	2
Nicaragua	1	1	2
Lituania			0
Paraguai			0
Perú			0
Rep.Domi.	1	1	2
Romanía			0
Rusia (Fed.)			0
Senegal	1		1
Suíza	1		1
Ucraína	1		1
Uruguai	1		1
Venezuela	3	6	9
22	Nacionalidades	16	

3. Cadro de persoal.


O cadro de persoal foi composto por:

- 62 profesores, dos cales 43 con destino definitivo (3 mestres), 13 con destino provisional, 5 a media xornada pola implementación de programas de innovación educativa e 1 para cubrir as sesións de relixión que libera a actual xefa de estudos.
- 6 membros do persoal de administración e servizos, dos cales o 100% teñen destino provisional, repartíndose conforme ao seguinte:
 - Persoal auxiliar administrativo → 1.
 - Persoal subalterno → 2.
 - Persoal de limpeza → 3.





A dispoñibilidade do profesorado responsable do Plan de Mellora da Biblioteca e do profesorado do Club de lectura, así como do profesorado de garda, fixo que a Biblioteca tivera un horario de apertura da metade das sesións lectivas, completando o resto de horario con profesorado de garda.



No relativo ao transcurso do curso escolar, foi un ano atípico pois por mor da COVID-19 truncáronse as clases presenciais a mediados de marzo, mudando cara a clases online e a distancia. Cabe sinalar que puidéronse retomar as clases de 21 de bacharelato hacia finais de maio..

Como centro acreditado polas Universidades de Vigo, de Santiago de Compostela, o IES A Xunqueira II continuou a impartir o Prácticum para a obtención do Máster en Educación Secundaria nas materias de Debuxo técnico, Educación física e Orientación, coa participación de tres alumnos, e dous membros do profesorado: D. José Ignacio Carbajo Esteban, Dna. Margarita Esteban Muñecas e Dna. M^a Laura Malvar Méndez, baixo a coordinación do director D. Juan Carlos Pérez Mestre.

Como centro acreditado pola Universidad de Vigo, o IES A Xunqueira II continuou a impartir o Prácticum pertencente ao Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte na materia de Educación física, coa participación de cinco alumnos, e dous membros do profesorado: D. José Ignacio Carbajo Esteban e D. José María Solla Casqueiro, baixo a coordinación do director D. Juan Carlos Pérez Mestre.

4. Proxectos nos que participamos.

Feiras e premios nos que nos estamos a presentar e/ou acadamos recoñecementos:

- Open Science Cambre. (desde o curso 2018/19)
- Galiciencia. (desde o curso 2017/18)
- STEMLab. (desde o curso 2017/18)
- OSHWDem. (desde o curso 2017/18)
- V Regata Solar. (desde o curso 2017/18)
- Feria SEMGal/Piteas. (desde o curso 2016/17)
- Pontenciencia. (desde o curso 2017/18, obtendo varios premios anualmente)





- 3º premio na IV edición dos premios Ética y Ciencia da Fundación Grifols.

En estudo ou pendente de concesión:

- Club de letras.
 - Desde o curso 2019/20.



Concedidos, por orde inversa de implementación:

- Iniciativa ARCO (Apoio, reforzo de competencias e orientación).
 - Desde o curso 2019/20.
- STEMbach, bacharelato de excelencia, coordinado por Esther.
 - Desde o curso 2019/20.
- Semana STEM, coordinado por Raquel.
 - Desde o curso 2018/19.
- Espazo maker, coordinado por Esther.
 - Desde o curso 2018/19.
- STEMweek.
 - (solicitud polo propio alumnado)
- Club de ciencia, coordinado por Raquel.
 - Desde o curso 2016/17.
- Plan Proxecta.
 - **Educación patrimonial** (modalidade da memoria do mar) , coordinado por Marga.
 - Desde o curso 2018/19.
 - **PDC - Centros activos e saudables.**
 - DAFIS (formación), coordinado por Ricoy.
 - Máis e mellor actividade física, coordinado por Ricoy.
 - Desde o curso 2018/19.
 - Móvete+, coordinado por Ricoy.
 - Desde o curso 2018/19.
 - Camiña en bici á escola, coordinado por Ricoy.
 - Desde o curso 2018/19.
 - Milla diaria, coordinado por Ricoy.
 - Desde o curso 2018/19.
 - PDC (proxecto deportivo de centro) , coordinado por Ricoy.
 - Desde o curso 2017/18.
 - Xogade, coordinado por Ricoy.
 - Desde o curso 2017/18.
 - **Por 365 días de respecto e igualdade**, coordinado por Mar Abilleira.
 - Desde o curso 2019/20.
 - **Parlamento Xove**, coordinado por Tito.
 - Desde o curso 2017/18.
 - **Aliméntate ben:**
 - Ponlle as pilas ao teu bocata, coordinado por Luz.
 - Desde o curso 2017/18.
 - O sabor da aventura está no mar, coordinado por Maola.



Por 365 días de respecto e igualdade





- Desde o curso 2017/18.
 - Xermolón, coordinado por Iñaki.
 - Desde o curso 2017/18.
 - Froita na escola, coordinado por Iñaki.
 - Desde o curso 2015/16.
- CUALE, coordinado por Fina.
 - Niveles A1/A2/B1, desde o curso 2017/18.
- DELf Scolaire, coordinado por Fina.
 - Niveles A2/B1/B2, desde o curso 2017/18.
- Educación dixital, coordinado por Felipe.
 - E-Dixgal: Desde o curso 2017/18 en 1º e 2º da ESO.
 - Abalar: Desde o curso 2018/19, en 3º e 4º da ESO, 1º e 2º de bacharelato e aulas específicas (Arte/Clásicas, Música, Espazo Maker).
- Olimpiada de Química, coordinado por Carmen.
 - Desde o curso 2016/17.
- SEMGal, coordinado por Raquel.
 - Desde o curso 2019/20, anteriormente Piteas (desde o 2016/17) e “O Talento 3.0”, desde o 2015/16.
- Contratos-Programa:
 - Refórza-T, coordinado por Ricoy.
 - Desde o curso 2015/16.
 - Mellora das competencias:
 - Matemática, coordinado por Bonanad.
 - Desde o curso 2016/17.
 - Lingüística, coordinado por Fran.
 - Desde o curso 2016/17.
 - e Ciencia e tecnoloxía, coordinado por Chema.
 - Desde o curso 2016/17.
 - Iguála-T, coordinado por Mar Abillera.
 - Desde o curso 2018/19.
 - Con-Vive, coordinado Laura Malvar.
 - Desde o curso 2016/17.
 - Inclúe-T, coordinado por Mercedes.
 - Desde o curso 2018/19.
 - Abandono temperán e absentismo escolar, coordinado por Laura Malvar.
 - Desde o curso 2016/17.
 - Excelencia e Calidade, coordinado por Juan Carlos.
 - Desde o curso 2015/16.
 - PRETEC - Reforzo en 3º e 4º da ESO de competencias en ciencia e tecnoloxía, coordinado por Raquel.
 - Desde o curso 2017/18.
- Olimpiada de Matemáticas, coordinado polo dep. de Matemáticas.
 - Desde o curso 2016/17.



EDIXGAL



PROXECTO ABALAR



Tutoría Entre Iguales




Olimpiada Informática Española





- Erasmus+, coordinado por Juan Carlos.
 - Desde o curso 2012/13.
- Club de lectura, coordinado por Tito.
 - Desde o curso 2011/12.
- Olimpiada de Bioloxía, coordinado por Maola.
 - Desde o curso 2008/09.
- Plambe, coordinado por Tito.
 - Desde o curso 2008/09.
- EDLG, coordinado por Potel.
 - Desde o curso 1999/00.



5. Formación de profesorado.

Desde o curso escolar 2017/18, temos incorporado un plan de formación permanente de profesorado (PFPP) que abrangue as seguintes liñas:

- Escola inclusiva e atención á diversidade (Piteas-SEMGal), coordinado por Raquel.
- Convivencia escolar e clima da aula. Centros saudables. Relacións coas familias, coordinado por Laura.
- Mellora da xestión dos centros (con especial atención á xestión directiva) e dos procesos de calidade, coordinado por Juan Carlos.
- Iniciativas formativas no ámbito STEM (ciencia-tecnoloxía-enxeñaría-matemáticas), coordinado por Esther.
- Actualización científica e didáctica do profesorado. Observación inter-pares e inter-centros, coordinado por Juan Carlos.

Outra formación de centro:

- G1902030 - I Xornada SEMGAL
- X1902100 - Igualdade, Convivencia e Inclusión. Módulo 0.
- P1902051 - Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes.

2. Avaliación do funcionamento dos órganos colexiados de goberno.

1. O Consello escolar.

No presente curso os membros do Consello escolar, presidido polo director, D. Juan Carlos Pérez Mestre, foron:





Consello escolar

Presidencia.	Juan Carlos Pérez Mestre.
Xefatura de estudos.	Olga López Míguez.
Secretaría.	Esther Padín Vidal.
Representantes do profesorado.	M ^a del Carmen Redondo Pérez. M ^a Ángeles Fernández González. Fernando Otero Urtaza. M ^a Mercedes Domínguez Martínez.
Representantes dos responsables de alumnado.	Ana Belén Fernández Souto. Mercedes Paz Valle. José Jamardo Laseiras.
Representantes do alumnado.	Alejandro Pazos Villamil. Fabio Grajales Pereira. Mauro García Sola. Yago Fernández Fernandez.
Representante do persoal de administración e servizos.	Lourdes Domínguez Balboa.
Representante do Concello.	Pilar Comesaña Hermida.
Presidencia.	Juan Carlos Pérez Mestre.
Xefatura de estudos.	Olga López Míguez.
Secretaría.	Esther Padín Vidal.
Representantes do profesorado.	M ^a del Carmen Redondo Pérez.

Durante presente curso, coa sesión na que se presenta esta memoria, o Consello escolar reuniuse en 7 ocasións. A continuación relacionamos as datas, horas, carácter e a orde do día:

Data e hora	Carácter	Orde do día.
	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> Cambios na composición do Consello escolar e nas respectivas comisións. Informe de Dirección. Avaliación da Programación Xeral Anual (PXA). Aprobación, se procede, dos días de conveniencia pedagóxica.
14/01/2020 19:00h	Extra-ordinario	<ul style="list-style-type: none"> Participación no programa ARCO conforme á Resolución do 19 de decembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a posta en marcha de accións de Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación dirixidas a centros públicos de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de





Data e hora	Carácter	Orde do día.
		Educación, Universidade e Formación Profesional, en réxime de concorrencia competitiva, cofinanciado polo Fondo Social Europeo.
	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> • Proxecto de dirección 2016/20, informe de renovación e votación ao respecto. • Informe de dirección: Balance do primeiro trimestre e propostas. • Informe de xefatura de estudos • Informe de secretaría.
21/04/2020 18:30h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> • Non celebrada por mor da COVID-19.
	Extra-ordinario	<ul style="list-style-type: none"> • Informe sobre o proceso de admisión para o vindeiro curso. (baremación) • Aprobación, se procede, do criterio complementario.
29/06/2020 11:30h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> • Informe sobre a memoria anual de centro. • Informe de dirección. • Informe de vicedirección. • Informe de xefatura de estudos. • Informe de secretaría.

En tódalas reunións ordinarias do Consello escolar se incluíron os preceptivos puntos na orde do día de aprobación, se procede, da/s acta/s anterior/es e de rogos e preguntas.

Por outro lado, no seno do Consello escolar establécense distintas comisións:

Comisión económica	
Presidencia.	Juan Carlos Pérez Mestre.
Secretaría.	Esther Padín Vidal.
Representante do profesorado.	M ^a del Carmen Redondo Pérez
Representante dos responsables de alumnado.	Mercedes Paz Valle.
Representante do alumnado.	Mauro García Sola.

Comisión de convivencia	
Presidencia.	Juan Carlos Pérez Mestre.
Xefatura de estudo.	Olga López Míguez.
Representantes do profesorado.	Fernando Otero Urtaza.
	M ^a Mercedes Domínguez Martínez.
Representante dos responsables de alumnado.	José Jamardo Laseiras.
Representante do alumnado	Alejandro Pazos Villamil.
	Mauro García Sola.





Representante do persoal de administración e servizos.	Lourdes Domínguez Balboa.
---	---------------------------

Comisión da biblioteca

Xefatura de estudos.	Olga López Míguez.
Representante do profesorado.	M ^a Ángeles Fernández González.
	Fernando Otero Urtaza.
Representante dos responsables de alumnado.	Ana Belén Fernández Souto.
Representante do alumnado.	Alejandro Pazos Villamil.
Representante do persoal de administración e servizos.	Lourdes Domínguez Balboa.

Comisión do estado das instalacións

Presidencia.	Juan Carlos Pérez Mestre.
Xefatura de estudos.	Olga López Míguez.
Secretaría.	Esther Padín Vidal.
Representantes do profesorado.	M ^a del Carmen Redondo Pérez.
	M ^a Ángeles Fernández González.
Representante dos responsables de alumnado.	Mercedes Paz Valle.
Representante do persoal de administración e servizos.	Lourdes Domínguez Balboa.
Representante do alumnado	Yago Fernández Fernández.

Estas comisións reuníronse conforme ao seguinte:

Data e hora	Comisión	Carácter	Orde do día.
	Convivencia	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> Informe inicial sobre a convivencia no centro. Informe sobre os procedementos correctores en curso. Adecuación das Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC) á normativa e necesidades vixentes
28/01/2020, 11:15h	Económica	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> Estudo das contas do exercicio anterior. Estudo do sistema de recadación de cartos para as actividades extraescolares.
	Convivencia	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> Informe sobre a convivencia escolar no primeiro trimestre Informe sobre os procedementos correctores en curso. Adecuación das Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC) á normativa e necesidades vixentes.
31/03/2020, 11:00h	Económica	Ordinario - Telemático	<ul style="list-style-type: none"> Anteproxecto de orzamento do presente exercicio. Aprobación, se procede, do sistema de recadación de cartos por parte do alumnado para as actividades extraescolares Aprobación, se procede, do plan de reparacións, mantemento e





Data e hora	Comisión	Carácter	Orde do día.
			mellora das instalacións do citado exercicio.
	Convivencia	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> Non celebrada por mor da COVID-19.
29/06/2020, 10:30h	Convivencia	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> Informe sobre a convivencia escolar no terceiro trimestre. Propostas de mellora para o vindeiro curso académico.

As reunións do Consello escolar tiveron lugar pola tarde para facilitar a asistencia de tódolos membros, realizándose de xeito ordinario ás 18:30h coa fin de facer unha mellor conciliación familiar e laboral. Por outra banda, as reunións da comisión de convivencia foron convocadas, en xeral, unha hora antes dos consellos escolares.

A comisión da biblioteca reuniuse semanalmente os martes ás 10:25h no seno do Plan de Mellora de Bibliotecas escolares (en adiante PLAMBE) e a comisión do seguimento do estado das instalacións reuniuse a finais de curso segundo o calendario de revisións de tódolos espazos do centro, e puntualmente segundo a necesidade.

Este curso tamén houbo departamentos que integraron as súas reunións de departamento no horario semanal, como é o departamento de Música (os mércores, ás 10:25h), o departamento de Relixión (os luns, ás 11:15h) e o equipo Piteas-SEMGal (os venres, ás 11:15h).

2. A comisión de coordinación pedagóxica. (en adiante CCP)

A data e a hora fixadas para celebrar as reunións da CCP foron, en xeral, os xoves ás 17:00 horas.

Dous son os obxectivos principais da CCP:

- Levar a cabo as funcións que se establecen no regulamento orgánico (RO) dos institutos de secundaria.
- Servir de canle de información e comunicación entre o equipo directivo e o profesorado dos correspondentes departamentos.

Ambas son necesarias para un mellor funcionamento do centro, pero detectamos que non sempre chega a información ao profesorado polo que no vindeiro curso tentaremos que a información sobre o traballo na CCP sexa exposto coas actas correspondentes, coa fin de que poida ser coñecida polo profesorado directamente.

Durante o curso actuou como secretario da CCP D. Jorge Potel Torres, coordinador do





equipo de dinamización de lingua galega (EDLG), e na súa ausencia D^a María Teba Santos Portela.

No presente curso os membros da CCP, presidida polo director, D. Juan Carlos Pérez Mestre, foron:

Área	Xefatura de departamento	Horario de atención
Bioloxía e xeoloxía.	Lores Buezas, M ^a Luz.	Mércores, 12:30 a 13:20h.
Debuxo.	Esteban Muñecas, Margarita.	Venres, 11:15 a 12:05h.
Economía.	Fernández Seoane, Jorge.	Xoves, 11:15 a 12:05h.
Educación física.	Solla Casqueiro, José María.	Martes, 11:15 a 12:05h.
Filosofía.	Vicario Quintana, M ^a José.	Xoves, 12:30 a 13:20h.
Física e química.	Redondo Pérez, M ^a del Carmen.	Martes, 11:15 a 12:05h.
Francés.	Rúa Opazo, M ^a de los Ángeles.	Luns, 12:30 a 13:20h.
Grego e Latín.	López Gago, M ^a Cristina.	Mércores, 12:30 a 13:20h.
Inglés.	Constela Doce, Xesús Ánxo.	Xoves, 11:15 a 12:05h.
Lingua castelá e literatura.	López Sobrado, Marta.	Mércores, 10:25 a 11:15h.
Lingua galega e literatura.	Laxe Díaz, Sabela.	Venres, 11:15 a 12:05h.
Matemáticas.	Otero Pérez, José Manuel.	Venres, 9:20 a 10:10h.
Música.	Otero Urtaza, Fernando.	Xoves, 9:20 a 10:10h.
Orientación.	Malvar Méndez, M ^a Laura.	Martes, 11:15 a 12:05h.
Relixión.	López Míguez, Olga.	Venres, 10:25 a 11:15h.
Tecnoloxía.	Santos Portela, María Teba.	Xoves, 9:20 a 10:10h.
Xeografía e historia.	Abilleira Fernández, M ^a del Mar	Martes, 10:25 a 11:15h.
Equipo de dinamización de lingua galega.	Potel Torres, Jorge	Xoves, 11:15 a 12:05h.
PLAMBE. (biblioteca)	Ogando Fernández, Delfín Benito.	Martes, 11:15 a 12:05h.
Pedagogía terapéutica,	Domínguez Martínez, M ^a Mercedes.	Luns, 13:20 a 14:10h.

Formou tamén parte da CCP a xefa de estudos, D^a Olga López Míguez.

Durante o presente curso os membros da CCP reuníronse en 7 ocasións. A continuación relacionamos as datas, horas, carácter e a orde do día:

Data e hora	Carácter	Orde do día.
	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> Constitución deste órgano para o curso presente curso escolar.. Informe de dirección.





Data e hora	Carácter	Orde do día.
		<ul style="list-style-type: none"> Informe do departamento de orientación. Aprobación, se procede do calendario de avaliacións.
10/10/2019 17:00h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> Resumo da oferta educativa do presente curso escolar. Instrucións sobre o alumnado con pendentes e o inventario de departamento. Comunicacións coas familias: breve formación sobre o espazo Abalar, o AbalarMóbil e o XADE. Revisión dos documentos do centro. (PED, PLC, PA e PAL) Indicacións sobre o plan de autoprotección. Proposta de revisión de documentos do centro. (NOF, plan de convivencia e PE/PL/PAD) Información sobre o plan de formación permanente de profesorado (PFPP). Información sobre a convocatoria dos contratos-programa do presente curso. Seguimento das programacións. (publicación na web) Valoracións sobre os resultados de 2º de bahcarelato fronte a ABAU.
	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> Informe sobre a convocatoria de Contratos-programa 2018/19. Aprobación, se procede, da actualización do PED, do PLC, do PA e do PAL. Seguimento da elaboración do plan de igualdade (PI) e das NOF. Propostas para a oferta educativa (dinámica) para o vindeiro curso. Concurso xeral de traslados. (prazas propostas) Avaliación por competencias: proposta de ponderación por departamentos. Plan de avaliación e mellora (PAM): revisión de documentos, horarios, programacións e outros. Seguimento das programacións e a súa difusión. Novas CIUG. (probas adaptadas).
31/01/2020 17:00h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> Novas CIUG. (datas maio/xuño, comisións delegadas...) Acordo sobre as xefaturas de departamento en funcións. Aprobación, se procede, da oferta educativa para o vindeiro curso. Información sobre o proceso de admisión para o vindeiro curso. Xornada de portas abertas. Programa de avaliación e mellora da Inspección educativa. (PAM) Aprobación, se procede, da avaliación por competencias. (ponderación por departamentos)
	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> Novas CIUG. (representantes do centro) Informe sobre o proceso de admisión para o vindeiro curso. (centros adscritos) Informe sobre a xornada de portas abertas. Propostas de departamentos para a impartición de PMAR. Propostas de departamentos para a impartición da exención de 2ª lingua estranxeira. Aprobación, se procede, da avaliación por competencias. (1º ESO) Estudo da avaliación por competencias. (2º ESO)
30/04/2020 17:00h	Ordinario – telemático.	<ul style="list-style-type: none"> Análise e propostas sobre as indicacións para o 3º trimestre.
	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> Informe sobre o proceso de admisión para o vindeiro curso escolar. (adcritos, solicitudes e permanencias) Oferta educativa definitiva para os sobres de matrícula, logo do proceso de permanencias. Novas da CIUG. (ABAU xuño e xullo) Indicacións sobre o cambio ou actualización dos libros de texto en soporte papel ou contornas virtuais. Indicacións sobre o procedemento de reclamación. (ESO e BTO) Indicacións sobre a memoria de final de curso e a programación de principio de curso. Indicacións sobre a vixencia das xefaturas durante o mes de setembro Agradecemento polas críticas constructivas recibidas: Anpa, responsables legais,



**Data e hora** | **Carácter** | **Orde do día.**

profesorado e PAS.

En tódalas reunións ordinarias da CCP se incluíron os preceptivos puntos na orde do día de aprobación, se procede, da/s acta/s anterior/es e de rogos e preguntas.

3. O claustro.

No presente curso os membros do claustro, presidido polo director, D. Juan Carlos Pérez Mestre, foron:

Departamento	Cargo	Horario de atención
Biología e xeoloxía.	Xefatura de departamento.	Lores Buezas, M ^a Luz.
	---	de Paz Mucientes, María de la O.
	Persoa titora de 1º ESO D.	González Picáns, Alba.
	---	Vaz Veiga, Mónica.
Debuxo.	Xefatura de departamento.	Esteban Muñecas, Margarita.
	Persoa titora de 3º ESO D.	Casal Dorado, José María.
Economía.	Xefatura de departamento.	Fernández Seoane, Jorge.
Educación física.	Xefatura de departamento.	Solla Casqueiro, José María.
	Persoa titora de 1º ESO C.	Carbajo Esteban, José Ignacio.
	Persoa titora de 2º ESO A.	Ricoy Bugarín, José Antonio.
Filosofía.	Xefatura de departamento.	Vicario Quintana, M ^a José.
	Persoa titora de 1º BTO D.	Cancela Silva, María Celeste.
Física e química.	Xefatura de departamento.	Redondo Pérez, M ^a del Carmen.
	---	Fernández Bea, Maria del Rocío.
	Persoa titora de 2º ESO PMAR.	López Muñoz, Pablo.
Francés.	Xefatura de departamento.	Rúa Opazo, M ^a de los Ángeles.
	---	Doce Caaveiro, Josefa Delfina.
	Persoa titora de 2º ESO B.	Cambón Cancela, Lorena.
	Auxiliar de conversación. (francés)	Chartier, Marine.
Grego e Latín.	Xefatura de departamento.	López Gago, M ^a Cristina.
	---	López Suárez, Montserrat.
Inglés.	Persoa titora de 1º BTO A.	Castro García, M ^a Jesús.
	Persoa titora de 4º ESO A.	Sarandeses López, M ^a Blanca.
	Persoa titora de 2º BTO A.	Blanco Imes, Catarina Linn.





Departamento	Cargo	Horario de atención
	Xefatura de departamento.	Constela Doce, Xesús Ánxo.
	Persoa titora de 1º ESO B.	Caamaño Sendón, Ana Isabel.
Lingua castelá e literatura.	Coordinador do PLAMBE.	Ogando Fernández, Delfín Benito.
	Xefatura de departamento e persoa titora de 1º BTO B.	López Sobrado, Marta.
	---	Fernández González, Mª Ángeles.
	Persoa titora de 3º ESO B.	García Otero, Rosa.
	Persoa titora de 4º ESO C.	Torres Baena, María Isabel.
Lingua galega e literatura.	Persoa titora de 1º BTO C.	Puime Montero, Patricia María.
	Xefatura de departamento.	Laxe Díaz, Isabel.
	Persoa titora de 2º BTO D.	Rodríguez Travieso, Mª Laura.
	Persoa titora de 4º ESO D.	Suárez Quintas, Soraya.
	Persoa titora de 3º ESO PMAR.	Godón Davila, Xosé Francisco.
Matemáticas.	Xefatura de departamento e persoa titora de 2º BTO B.	Otero Pérez, José Manuel.
	Persoa titora de 3º ESO A.	Mezquita Fernández, Mª Inmaculada.
	Secretaria e coordinadora STEMBach.	Padín Vidal, Esther.
	Persoa titora de 4º ESO B.	Álvarez Paredes, Mª del Mar.
	---	Andión Carlos Hermida, Carlos
	Persoa titora de 2º BTO C.	Bonanad Calviño, Francisco Javier.
	Coordinador Abalar/EDIXGAL.	Suárez Pereiro, Felipe.
	---	Martínez Rodríguez, María Victoria.
Música.	Xefatura de departamento.	Otero Urtaza, Fernando.
	Director, coordinador de proxectos de innovación educativa e do PFP.	Pérez Mestre, Juan Carlos.
	Vicedirectora e coordinadora do programa SEMGal.	Gey Piñeiro, Raquel.
Orientación.	Xefatura de departamento.	Malvar Méndez, Mª Laura.
	Pedagogía terapéutica.	Domínguez Martínez, Mª Mercedes.
Relixión.	Xefatura de departamento.	López Míguez, Olga.
	---	Seoane Ares, Luis Antonio.
Tecnoloxía.	Persoa titora de 3º ESO C.	Abarca Rodríguez, Diego.
	Xefatura de departamento.	Santos Portela, María Teba.
	Persoa titora de 2º ESO C.	Rodríguez Álvarez, José Luis
Xeografía e historia.	Xefatura de departamento.	Abilleira Fernández, Mª del Mar.





Departamento	Cargo	Horario de atención
	Coordinador/a do Equipo de dinamización de lingua galega.	Potel Torres, Jorge.
	Persoa titora de 2º ESO D.	Gómez Calviño, Esmeralda Jerusa.
	Persoa titora de 1º ESO A.	Cadaveira López, Paula.

Durante o presente curso, coa sesión na que se presenta esta memoria, o claustro reuniuse en 8 ocasións. A continuación relacionamos as datas, horas, carácter e os temas tratados:

Data e hora	Carácter	Orde do día.
	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> Informe do equipo directivo. Distribución de grupos, cursos e titorías por departamento.
16/09/2019 08:30h	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> 8:30h: café de benvinda. Informe do equipo directivo. Entrega de horarios.
	Extra-ordinario	<ul style="list-style-type: none"> Participación no programa ARCO conforme á Resolución do 19 de decembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a posta en marcha de accións de Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación dirixidas a centros públicos de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en réxime de concorrencia competitiva, cofinanciado polo Fondo Social Europeo..
30/01/2020 18:30h	Extra-ordinario	<ul style="list-style-type: none"> Proxecto de dirección 2016/20, informe de renovación e votación ao respecto. Informe de dirección: Balance do primeiro trimestre e propostas. Informe de vicedirección. Informe de xefatura de estudos. Informe de secretaría.
	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> Non celebrada por mor da COVID-19.
18/06/2020 18:30h	Extra-ordinario	<ul style="list-style-type: none"> Informe sobre as obras a realizar ao respecto do Espazo Maker.
	Ordinario	<ul style="list-style-type: none"> Informe da memoria anual de centro. Informe de dirección. Informe de vicedirección. Informe de xefatura de estudos. Informe de secretaría. Informe do calendario de setembro.

En todos os claustros ordinarios se incluíu os preceptivos puntos na orde do día de aprobación, se procede, da/s acta/s anterior/es e de rogos e preguntas.

3. Avaliación do funcionamento dos órganos unipersoais de goberno.

1. Dinámica de traballo do equipo directivo.

Este é o cuarto curso deste equipo directivo, formado por:





Area	Xefatura de departamento	Horario de atención
Dirección	Pérez Mestre, Juan Carlos.	Venres, 10:25 a 11:15 h.
Vicedirección	Gey Piñeiro, Raquel.	Mércores, 09:20 a 10:10h.
Xefatura de estudos	López Míguez, Olga.	Venres, 10:25 a 11:15 h.
Secretaría	Padín Vidal, Esther.	Mércores, 11:15 a 12:05 h.

Durante o presente curso fixéronse no horario dos membros do equipo directivo dous sesións semanais de reunión. Estas foron os martes, de 10:25 á 12:05. Os temas tratados foron diversos coas achegas de cada membro relativas ao seu ámbito de actuación e a posta en común segundo a prioridade que cada etapa do curso académico requirise cara ao mellor funcionamento do centro.

Por outra parte, hai momentos nos que están todos os membros do equipo directivo e que se comentan aspectos puntuais. Tendo en conta que unha das funcións da dirección é a de coordinar tódalas actividades do instituto, tiveron lugar reunións organizativas ao longo da mañá coa xefatura de estudos, coa vicedirección e coa secretaría de xeito separado, segundo as necesidades do momento.

2. Valoración do equipo directivo sobre o grao de cumprimento da PXA e o funcionamento xeral do centro.

A PXA do presente curso recollía os obxectivos específicos que o centro se propoñía acadar, as medidas que se ían desenvolver para a súa consecución e os recursos, tanto humanos, como materiais, con que contaba para levalos a cabo. Unha vez rematado o curso as conclusións son as seguintes:

• Cumprimento do plan de avaliación e mellora (en adiante PAM).

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
	Lexislativos: adequación á normativa. Indicacións da inspección educativa. Plantillas para facilitar o seguimento.	Dirección Xefaturas de departamento.	Setembro -Outubro.	Ter toda a documentación do centro (PE, PXA, CC, programacións didácticas, proxectos) dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa.
Revisión do PE.	Documento	Equipo directivo.	1º e 2º trimestres.	Documento final,





Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
	actual. Referencias legislativas.	CCP.	(pendente para o curso 2020/21)	dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa.
	Calendario de reunións e actuacións dos anteriores cursos.	Equipo directivo.	Xullo do curso anterior.	Actualización mensual. Documento anual de reunións dos distintos sectores.
PAM da Inspección educativa	Indicacións do Servizo Provincial de Inspección educativa.	Servizo Provincial de Inspección educativa. Equipo directivo. CCP.	2º trimestre. (este curso anulado por mor do cambio da persoa inspectora asignada ao noso centro)	Documentos finais, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa.

Grao de cumprimento.

- Respecto das programacións, facilitouse unha plantilla coas indicacións da Inspección educativa.
- O documento anual de reunións dos distintos sectores foi elaborado e exposto en claustro e na corticeira de organización da sala de profesorado, coa intención de mellorar a conciliación familiar e laboral.
- **Control de asistencia e puntualidade do alumnado: reducir o número do alumnado que con faltas de puntualidade e o absentismo escolar en determinadas datas.**

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
	Libro de conserxería.	Persoal subalterno.	Diario.	Nº de faltas de puntualidade en relación co curso anterior.
Consolidación da porcentaxe de responsables de alumnado que empregan o abalarMóbil.	Sistema de envío establecido pola Consellería. Chamadas aos responsables que inda non están dados de alta.	Secretaría. Persoal auxiliar administrativo.	Diario.	Listaxe de responsables de alumnados dados de alta.
	Aplicación do protocolo establecido pola Consellería.	Dirección. Xefatura de estudos. Titorías.	Logo das ausencias acumulativas.	Nº actuacións e solucións adoptadas.

Grao de cumprimento.

- O balance do emprego do ordenador de aula para a introdución directa





das faltas de asistencia e puntualidade no XADE é moi positivo tanto para a xefatura de estudos como para a maioría das persoas titoras e para o persoal de administración e servizos. A anotación das faltas de puntualidade segue a ser significativa e os avisos a través do abalarMóbil consolídase como medio principal de comunicación para este cometido.

- Non se acadou no bacharelato a redución do absentismo escolar en determinadas datas, a pesar de ter repercusión nas bolsas do MECD. Agardarmo que para o vindeiro curso 2020/21 mellore esta situación, logo do meche da cancilla exterior durante o horario lectivo.
- Esta información encóntrase desenvolta en maior medida no apartado de xefatura de estudos.

• Normas de Organización e Funcionamento. (NOF)

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
	NOFC.	Profesorado. Xefatura de estudos.	Diariamente.	Nº de incidencias recollidas nas faltas de orde e de conduta. Libro de seguimento da aula de convivencia inclusiva.
Establecer liñas comúns de actuación cara a mellora da convivencia.	NOFC.	Profesorado. Titorías. Xefatura de estudos. Comisión de convivencia.	Diariamente. Trimestralmente.	Nº de incidencias recollidas nas faltas de orde e de conduta e o seu análise. Libro de seguimento da aula de convivencia inclusiva.
	NOFC. Reunión coas persoas titoras.	Xefatura de estudos. Titorías. Profesorado. Comisión de convivencia.	Mensualmente. Trimestralmente.	Nº de partes. Posta en común nas correspondentes xuntas de avaliación.
Mellora do funcionamento da aula de convivencia inclusiva.	Material para a convivencia. Experiencias doutros	Equipo directivo. Comisión de convivencia. Departamentos.	Mensualmente.	Índice de emprego da aula.





Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
	centros. Libro de seguimento da aula de convivencia inclusiva.	Profesorado de garda de convivencia.		
		Xefatura de estudos. Titorías.	Cando proceda.	Nº de reunións nos casos máis conflitivos.

Grao de cumprimento.

(Esta información encóntrase desenvolta en maior medida no apartado de xefatura de estudos).

- Os problemas de convivencia se centraron sobre todo en 1º e 2º da ESO, referidos a un número reducido de alumnado, pero moi conflitivos, que motivaron algunha reunión extraordinaria do/s equipo/s docente/s para buscar solucións, sen que se puideran acadar criterios comúns para responder aos problemas.
- Respecto da aula de convivencia inclusiva e dado que a incidencia dos problemas de convivencia no centro reduciuse nun 80%, de momento destinouse a titoría 4 (en fronte de xefatura de estudos) para este cometido.
- As reunións de persoas titoras están descritas no apartado do informe de xefatura de estudos.

• Revisión dos documentos de centro.

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
	Documento inicial. Indicacións da Inspección.	CCP, Claustro.	Pendente para vindeiros cursos.	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa.
Normas de organización, funcionamento e convivencia. (NOF)	Documento inicial. Estratexia galega de convivencia escolar 2015/20.	CCP, Claustro, Consello escolar.	Avanzouse durante este documento pero por mor da COVID-19 quedou pendente para vindeiro curso 2020/21.	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa. Resumo en cada aula.
	Documento	Secretaría.	1º trimestre.	Documento final,





Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
	inicial. Indicacións da Xefatura territorial.			dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa. Resumo en cada aula. Aplicación práctica do plan.
Plan de Atención á Diversidade. (PAD)	Documento inicial. Indicacións do departamento de Orientación. Indicacións da Inspección.	CCP. Xefa do departamento de Orientación.	Pendente para vindeiros cursos.	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa.
	Documento inicial. Indicacións do equipo da biblioteca. Indicacións da Inspección.	CCP.	1º trimestre.	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa.
Plan de Convivencia. (PC)	Documento inicial. Indicacións da comisión de convivencia. Indicacións da Inspección.	Comisión de convivencia.	Pendente para vindeiros cursos.	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa.
	Documento inicial. Indicacións da Inspección.	CCP. Persoa coordinadora Abalar/E-Dixgal.	1º trimestre.	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa.
Plan de Igualdade. (PI)	Documento inicial. Indicacións da Inspección.	CCP. Persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres (arg. 126.2 da LOE).	1º trimestre.	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa.
	Documento inicial. Indicacións do equipo da biblioteca. Indicacións da Inspección.	CCP. Persoa responsable da biblioteca.	Pendente para vindeiros cursos.	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa.
Proxecto lingüístico de	Documento inicial.	CCP.	1º trimestre.	Documento final, dispoñible na páxina





Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
centro. (PLC)	Indicacións da Inspección.			web, a disposición da comunidade educativa.

Grao de cumprimento.

- Estableceuse como obxectivo a revisión de dos documentos oficiais do centro por curso escolar, no presente curso escolar elaboráronse o Plan de Igualdade (PI) e as Normas de Organización e Funcionamento (NOF), se ben é certo que por mos da COVID-19, truncouse a revisión das NOF. Deste xeito quedan pendentes:
 - Proxecto Educativo (PE).
 - Normas de Organización e Funcionamento (NOF).
 - Proxecto Lector (PL).
 - Programación Xeral Anual (PXA).
 - Memoria Anual de Centro (MAC), que inclúe a de tódolos departamentos e tódolos proxectos de innovación educativa.

• Procura da participación activa de toda a comunidade educativa.

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
	Convocatorias.	Xefatura de estudos.	Trimestral. (dous niveis por semana)	Nº de reunións e resumo dos temas tratados nelas.
Colaboración coa ANPA nos temas que soliciten.	Entrevistas coa directiva da ANPA. Páxina web. Espazo Abalar e AbalarMóbil. Correo electrónico. Taboleiros de novas. Entrevistas persoais.	Equipo directivo.	Trimestral. Cando proceda segundo os temas a tratar.	Resumo dos acordos.
Participación nas diversas convocatorias que poidan xurdir: concursos, premios,	As propias convocatorias.	Equipo directivo. Profesorado. Alumnado.	Cando proceda.	Valoracións dos distintos sectores. Nº de propostas nas que participe o centro.





Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
proxectos.				
	Proxectos e programas.	Equipo directivo. Profesorado.	Cando proceda.	Nº proxectos e/ou programas nos que participa o centro e/ou que se presentan.

Grao de cumprimento.

- En xeral acadáronse os obxectivos.

• Mellora da atención á diversidade.

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
	Probas e informes.	Departamento de Orientación. Xefatura de estudos. Titorías.	Cando proceda.	Nº de alumnado beneficiario.
Coordinación entre o profesorado de apoio e o profesorado da aula de referencia.	Horarios.	Profesorado de Pedagogía terapéutica. Xefatura de estudos. Profesorado.	Todo o curso.	
	Programacións. Aula virtual.	Xefatura de estudos. Xefaturas de departamento.	Semanal.	Nº alumnado que supera as materias.
Colaboración co Concello e outras institucións (Cruz Vermella, Secretariado Xitano...) na atención ao alumnado migrante.	Programas das distintas institucións.	Equipo directivo. Departamento de Orientación.	Cando proceda.	Memoria.

Grao de cumprimento.

- Recóllese no punto 7 (informe de xefatura de estudos) e no punto 10.c (memoria do departamento de orientación).

• Desenvolvemento das competencias clave do alumnado.

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
	Indicacións das xuntas de avaliación. Programacións didácticas.	Departamentos didácticos.	Outubro - Maio.	Resultados das probas.
Mellora do	Cursos de técnicas	Profesorado.	Todo o curso.	Análise mensual





Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
rendemento do noso alumnado.	de estudo en colaboración coa ANPA. Cursos de linguas estranxeiras (inglés) Curso de afrontamento da ABAU			Resultados das avaliacións

Grao de cumprimento.

- Consólidase a mellora de resultados do ano pasado sen ben é certo que temos que mellorar nalgúns niveis.
- **Melloras no proceso de admisión (documentación, Itinerarios, oferta de materias...).**

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
	Lexislación. Outras experiencias educativas.	Equipo directivo. CCP.	1º e 2º trimestres.	Follas de reserva.
Revisión dos sobres de matrícula.	Lexislación. Outras experiencias educativas.	Equipo directivo. CCP.	1º e 2º trimestres.	Sobres de matrícula.

Grao de cumprimento.

- Coma tódolos cursos nas CCPs dos 1º e 2º trimestres revísanse os itinerarios ofertados para adaptalos ás necesidades do alumnado, conforme as recomendación do profesorado e secretaría atendendo á lexislación vixente, ampliando nalgúns casos a opcionalidade e optatividade, reducindo a oferta daquelas materias que “non teñen éxito” e organizando e ordenando a combinación das materias específicas no 4º da ESO e no bacharelato.
- Este ano consolidouse a oferta dinámica, na que, unha vez consultada a CCP e o alumnado, a oferta adáptase ás súas propostas e inquedanzas, establecendo un sistema de incorporación e descarte de materias que é o seguinte:





- Poderanse ofertar calquera das materias por calquera profesor do centro con destino definitivo para o vindeiro curso académico.
 - Libre configuración autonómica (LCA).
 - Libre configuración de centro (LCC).
 - O departamento deberá ter sesións dabondo para a súa impartición, ou no seu defecto, contar con profesorado provisorio “habitual” que o permita. Non se pode solicitar profesorado *ex profeso* para a súa impartición.
 - Unha vez aprobada a devandita oferta, manterase mentres haxa demanda, non haxa cambios legislativos e/ou o profesorado que a oferta está disposto a seguir ofertándoa (traslados, xubilacións, outros...).
 - Calquera materia específica ou de libre configuración que durante dous cursos académicos non acade alumnado suficiente para a súa impartición, non será ofertada nos seguintes dous cursos académicos
- Cabe destacar a autorización para a impartición das seguintes materias, todas elas de libre configuración:

Nivel	Recursos
2º da ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Promoción de estilos de vida saudable (LCA), desde o curso 2015/16. • Igualdade de xénero (LCA), desde o curso 2017/18. • Programación (LCA), desde o curso 2018/19. • Proxecto deportivo de centro (DAFIS, Reforzo EF, LCC), desde o curso 2018/19. • Análise de documentos históricos (LCC), desde o curso 2015/16. • Literatura anglo-americana no cine e a música (LCC), desde o curso 2017/18. • Coeducación para o Século XXI (LCA), desde o curso 2018/19. • Obradoiro de creación e comunicación audiovisual (LCC), desde o curso 2018/19. • Robótica (LCC), desde o curso 2018/19.
2º de bacharealato	<ul style="list-style-type: none"> • Protagonistas da cultura anglo-americana (LCC), desde o curso 2017/18. • Deseño e impresión 3D (LCC), desde o curso 2018/19. • Papelmodelismo, uso creativo do papel (LCC), desde o curso 2018/19.





- Cabe destacar o descarte das seguintes materias por falta de demanda para a súa impartición:
 - 4º da ESO: Cultura clásica.
- Este curso elaboramos unha guía das materias ofertadas no noso centro na procura de favorecer a elección das mesmas por parte do alumnado, facendo incidencia nas materias específicas, de libre configuración e de elección de lingua estranxeira.

Na seguinte táboa temos unha previsión de matrícula para o vindeiro curso.

Reserva de praza:	Estimación		Previsión	Solicitudes	Adscricións		Total	Ráteos		FPB
	Repiten	Se van			Permanencias	Total		Previstas		
1º da ESO	10	0	134	39	85	124	34	4	5	
	8%	0%		29%	63%		45	3		
2º da ESO	10	5	120	6	119	125	30	4	5	
	8%	4%		5%	95%		40	3		
3º da ESO	10	8	110	3	115	118	28	4	5	
	8%	7%		3%	97%		37	3		
4º da ESO	14	4	104	5	99	104	26	4		
	13%	4%		5%	95%		35	3		
1º de BTO	10	17	128	51	98	149	32	4		
	7%	11%		34%	66%		43	3		
2º de BTO	5	1	98	4	100	104	25	4		
	5%	1%		4%	96%		33	3		
	59	35	694	108	616	724				
				15%	85%		104%			

(No ANEXO I pódese consultar a nosa oferta educativa a través das tapas dos sobres de matrícula).

- Mellora no emprego das TIC como recurso para a xestión, a ensinanza e a innovación.

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
	Dotación das aulas EDIXGAL.	Coordinador Abalar/EDIXGAL Equipo TIC.	Todo o curso.	Porcentaxe de emprego das aulas.
Aulas Abalar en 3º e 4º da ESO, e en 1º e 2º de bacharelato.	Armarios Abalar con 10 equipos por aula. kit dixital ¹	Coordinador Abalar/EDIXGAL Equipo TIC.	Todo o curso.	Porcentaxe de emprego das aulas.
	kit de proxección ²	Secretaría.	Todo o curso.	Porcentaxe de emprego das aulas.

¹ Por "Kit dixital" entendemos videoproxector + EDI + portátil + altafalantes 2.1.

² Por "kit de proxección" entendemos videoproxectos + pantalla enrollable + portátil ou sobremesa + altafalantes 2.1.





Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
Promover o emprego do Espazo Abalar.	Espazo Abalar. Reunións.	Equipo directivo.	Todo o curso.	Porcentaxe de emprego.
	Espazo Abalar. Reunións.	Equipo directivo.	Todo o curso.	Porcentaxe de emprego.
Promover o emprego das comunicacións de titoría EDIXGAL.	Espazo Abalar. Reunións.	Equipo directivo.	Todo o curso.	Porcentaxe de emprego.
	Páxina web. Lembranzas.	Equipo directivo. Equipo Biblioteca. Profesorado.	Todo o curso.	Porcentaxe de emprego.
Promover o emprego de contornas virtuais de formación a distancia (EDIXGAL e aulas virtuais).	Páxinas web. Lembranzas. PFPF.	Equipo directivo. Profesorado.	Todo o curso.	Porcentaxe de emprego.

Grao de cumprimento.

- Os obxectivos se cumpriron satisfactoriamente.

Conservación e mellora das instalacións do centro.

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
	Revisións das aulas.	Comunidade educativa.	Principio de curso. 1º trimestre 2º trimestre Fin de curso.	Enquisas. Informes do persoal de limpeza e das persoas titoras.
Solicitar a dotación de mobiliario.	Dotacións da Consellería e/ou outros organismos.	Dirección. Secretaría.	Xuño/Outubro. Cando for necesario.	Inventario do mobiliario.
	Carteis. Concursos.	Equipo directivo. Profesorado. Alumnado.	Todo o curso.	Limpeza xeral.
Mellorar as medidas de eficiencia enerxética.	Asesoramento externo. Recursos propios. Recursos das diversas administracións e/ou institucións.	Secretaría. Comunidade educativa.	Todo o curso.	Estatísticas dos consumos.
	Carteis informativos.	Secretaría. Dirección. ANPA.	Todo o curso.	Incidentes de transporte.





Grao de cumprimento.

- En xeral é satisfactorio, sen embargo o principal problema que se observa a final do curso é o do cobro de desperfectos, aínda que é un tema tratado no Consello escolar, que figura no NOF e para o que existe unha comisión de seguimento.

4. Informe de Dirección.

1. Relación coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Anualmente realizamos reunións cos órganos superiores (Conselleira, Direccións Xerais, Subdireccións Xerais, Xefe territorial, Inspector Xefe), cos cargos intermedios (xefaturas de servizo e de negociado) e coas asesorías dos distintos programas e proxectos, para solicitar recursos humanos e materiais e para solicitar e consolidar proxectos e programas de innovación educativa. Entre todas elas destacan peticións históricas como a instalación do ascensor, o cambio de cuberta do hall, a dotación dunha segunda persoa auxiliar administrativa e mesmo a consolidación da incorporación de auxiliares de conversa ao noso claustro.

Desde o curso 2016/17 pertenzo á Xunta Provincial de Direccións, e desde o curso 2018/19 pertenzo á Xunta Autonómica de Direccións. Ambos órganos son consultivos na procura da coordinación e representación dos centros educativos, onde achegamos as nosas inxerencias e trasladamos ao resto de centros as indicacións recibidas.

2. Coordinación cos institutos de Pontevedra e doutros lugares.

Trimestralmente, celébranse, como ven sendo habitual, reunións das direccións dos institutos de Pontevedra e arredores para facer unha posta en común das inxerencias do momento, compartir sinerxías e mesmo para fixar os días non lectivos de conveniencia pedagóxica do calendario escolar. Tamén se tratan temas como o instituto ao que corresponde á inauguración oficial do curso, no caso de a haber, e tratar outros temas relativos á xestión dos centros (novidades legislativas, cambios nos procedementos, plantillas, optimización de recursos humanos e materiais, unificación de criterios...).





3. Relación coas persoas responsables de alumnado e ANPA.

O 16 de setembro tiveron lugar as presentacións do alumnado da ESO e do bacharelato, ás que foron invitadas as persoas responsables de alumnado. A resposta foi moi positiva en xeral, destacando unha asistencia maior dos alumnos que viñan por primeira vez ó centro, os de 1º de ESO e 1º de bacharelato fronte ao resto de niveis, 2º, 3º e 4º da ESO, e 2º de bacharelato.

Xa no mes de Outubro, os días 1, 2 e 3 convocáronse ás persoas responsables de alumnado ás que asistiron as persoas titoras de cada curso, a xefa do departamento de orientación, e o equipo directivo. Tras unha presentación do director, tomaron a palabra o resto do equipo directivo, a orientadora para tratar diversos temas relacionados co curso, o funcionamento do centro, as instalacións e a implicación de todos na educación do alumnado. Finalmente, unha persoa titora, en nome de tódalas persoas titoras, explicou o funcionamento das titorías. Tras esta presentación xeral, cada persoa titora levou ás persoas responsables de alumnado á aula correspondente para coñecer mellor ás da súa titoría e atender as súas preguntas. Foi o momento no que cada persoa titora puido aproveitar para trazar as liñas do que ía ser o curso e de establecer o marco de relacións entre eles: responsables de alumnado e profesorado, alumnado e os seus responsables, profesorado e alumnado.

Como é xa tradicional, entregouse unha guía de alumnado, que se pode consultar na web do centro.

A asistencia a estas reunións, que consideramos de capital importancia, como en anos anteriores, foi numerosa, sobre todo nos primeiros niveis.

No mes de febreiro realizamos unha xornada de portas abertas, contando cunha asistencia de máis de 140 persoas o cal reflíctese no aumento das solicitudes de admisión para o vindeiro curso.

Este curso, por mor da COVID-19 non puidemos celebrar a Semana da Música, polo que tampouco fixemos a xa tradicional xornada de acollida para o alumnado adscrito do CEIP Manuel Vidal Portela e o CEIP Xunqueira Nº 2 e o que solicitou praza de seu no período ordinario ao efecto. Este tipo de iniciativas son moi valoradas pola comunidade educativa e agardamos seguilas facendo en vindeiros cursos.





Con respecto á ANPA, as nosas relacións son, desde o punto de vista humano, cordiais. Para falar de diversos problemas do día a día, ou da colaboración nas actividades, tiveron lugar diversas reunións con distintos membros da asociación, que amosaron sempre a súa colaboración. A asistencia ao acto de gradación foi salientable, nunha emotiva data para os pais e nais e os avós do noso alumnado.

A comunicación coa presidencia e os membros da ANPA é fluída, estando abertos as súas propostas, expresadas no Consello escolar ou na comisión económica, como foi este curso as propostas de cursos como o de técnicas de estudo, conversación de inglés ou preparación emocional cara á ABAU.

Por outra parte, a relación cos responsables de alumnado estableceuse de moitas formas, ademais das reunións citadas, con circulares, cartas e entrevistas persoais.

As sesións semanais de atención das persoas titoras ás persoas responsables comunicáronse nunha circular de comezo de curso, na web do centro e na guía de alumnado. Cando calquera responsable de alumnado acudiu sen cita previa ao centro para expor algunha cuestión, foi debidamente atendido co propósito de lograr un mellor entendemento e a rápida solución de calquera problema xurdido.

A dirección e a xefatura de estudos mantiveron entrevistas con responsables de alumnado por diversos motivos:

- Aclaración de dúbidas con respecto a algún aspecto dos estudos dos fillos: saídas cara ao futuro, optativas, ou decisións segundo a situación persoal dos alumnos.
- Acumulación de faltas por condutas contrarias e/ou gravemente prexudiciais ás normas de convivencia.
- Suspensión do dereito de asistencia a clase ou a algunhas clases, por faltas contrarias ás normas de convivencia.
- Comunicación aos responsables de alumnado de faltas de asistencia a clase dos seus fillos.
- Cabe destacar as reunións celebradas para o inicio de varios expedientes de absentismo escolar debido ás ausencias continuadas de determinado alumnado.

Desde a vicedirección tiveron lugar reunións para tratar sobre as distintas viaxes culturais





realizadas, xunto co profesorado encargado das mesmas e estableceuse unha comisión de 2º de bacharelato para organizar o acto de gradación e o “día despois” salientando o bo desenvolvemento de todos estes actos e actividades.

4. Relación co persoal de administración e servizos. (en adiante PAS)

No mes de novembro reunímonos co PAS para a reunión anual de curso e tamén ao longo do mesmo mantivemos distintas reunións, para tratar temas sobre os horarios, vacacións, rutinas de traballo, suxestións de mellora, ou outras inxedanzas dos distintos sectores.

Cabe destacar a xudialización da relación laboral con este colectivo, logo da demanda interposta por unha das traballadoras por mor da modificación substancial de condicións laborais, ao indicarlle que debía volver a facer o seu horario laboral de tarde (en vez de mañá, como o que desenvolveu provisionalmente no curso 2017/18).

Coma en anos anteriores, a praza de persoal auxiliar administrativa segue a estar cuberta por unha interina xa que a súa persoa titular segue en comisión de servizos na Xefatura Territorial de Pontevedra.

5. Coordinación cos centros de primaria.

Os nosos centros adscritos son o CEIP Manuel Vidal Portela e o CEIP Xunqueira Nº 2, logo de perder a adscrición do CEIP Santo André de Xeve en favor do IES Luis Seoane desde o curso 2017/18.

Como é habitual, delegouse esta coordinación na xefatura de departamento de Orientación e na xefatura de estudos.

A xornada de portas abertas na que o alumnado de 6º de primaria, acompañado polo profesorado do seu centro, non se puido celebrar durante a celebración da Semana da Música por mor da COVID-19.

6. Relación co Concello de Pontevedra.

O Instituto participa, como en anos anteriores, en programas organizados polo Concello. Destas colaboracións queda constancia na memoria de vicedirección, no punto 10.b.

Tamén mantemos contactos coa Servizo Municipal de Deportes así como coa Concellería de Medio Ambiente coa fin de obter melloras na contorna do centro. A relación coa





concellería de Deportes e a súa dirección xeral é importante, pois compartimos o uso do pavillón de deportes, tendo uso preferente en horario escolar.

Este curso solicitamos e recibimos unha colaboración económica para renovar vinilos, coa nosa imaxe corporativa, sen embargo ao non celebrar a Semana da música, a achega para a adquisición das camisetas non chegou a termo.

7. Relación con outras institucións.

Permanentemente o centro recibe información e propostas de museos, universidades, centros socioculturais, empresas de servizos de orientación, atención psicopedagóxica, actividades culturais, lúdicas, ONGDs... Cada proposta canalízase ao departamento correspondente e algunhas terminan incorporadas ás actividades complementarias e extraescolares.

Mencionamos a participación do noso alumnado en actividades organizadas fóra do centro, ás que acudiron baixo a organización de distintos departamentos e cuxa constancia queda nas memorias dos mesmos. Cremos que debemos estar presentes e participar nos diversos acontecementos que sirvan de proxección exterior do noso centro.

5. Resultados por niveis e grupos.

Trala celebración da avaliación ordinaria, as porcentaxes de aprobados en tódalas materias son os seguintes, tendo unha información máis ampla no ANEXO II.

Avaliación ordinaria	2019/20	2018/19	2017/18	2016/17	2015/16
1º da ESO	82%	48%	52%	63%	51%
2º da ESO	69%	49%	52%	47%	34%
3º da ESO	67%	58%	38%	54%	51%
4º da ESO	72%	38%	41%	61%	56%
1º de bacharelato	72%	55%	51%	55%	44%
2º de bacharelato	78%	80%	62%	67%	63%

1. Matrículas de honra.

(xuño) No presente curso escolar foron concedidas 4 matrículas de honra en 2º de bacharelato das 4 dispoñibles (1 por cada 20 alumnos ou fracción de 15 restante), sendo a nota de corte nun 9,50. Cabe destacar que foran 8 as persoas candidatas que cumprían o requisito de ter un 9 ou máis de media no citado curso.





(xuño) No presente curso escolar foron concedidas 6 matrículas de honra en 4º da ESO das 6 dispoñibles (1 por cada 20 alumnos ou fracción de 15 restante, 115 alumnos matriculados), sendo a nota de corte nun 9,15. Cabe destacar que foran 7 as persoas candidatas que cumprían o requisito de ter un 9 ou máis de media no citado curso.

2. Premios extraordinarios.

- (pendente de convocatoria) De bacharelato.
 - Trala celebración da avaliación ordinaria, son 13 a/os alumnas/os que cumpren os requisitos para acceder ás probas para a concesión dos devanditos premios, cunha media igual ou superior a 8,75.
- (pendente de convocatoria) De educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico.
 - Trala celebración da avaliación ordinaria, son 7 a/os alumnas/os que cumpren os requisitos para acceder ás probas para a concesión dos devanditos premios, cunha media igual ou superior a 9.
- (pendente de convocatoria) De educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal.
 - Aínda non foron convocados polo que estamos á espera da convocatoria para ver as persoas candidatas

3. Probas de avaliación de bacharelato e acceso á universidade (ABAU).

Por mor da Covid-19 adiouse a convocatoria ordinaria a xullo e a extraordinaria a setembro, polo que aínda non temos resultados ao respecto.

ABAU - PAU	2019/20	2018/19	2017/18	2016/17	2015/16	2014/15	2013/14	2012/13	2011/12
Av. ordinaria		96%	96%	90%	91%	95%	91%	87%	93%
Av. extraordinaria		13%	0%	75%	73%	100%	73%	80%	78%

6. Informe de vicedirección.

O informe de vicedirección encóntrese no ANEXO III, dada a gran cantidade de imaxes que incorpora.





7. Informe de xefatura de estudos.

Este informe elabórase segundo ás funcións da xefatura de estudos recollidas na Normativa correspondente que, ademais durante este ano 2020, resulta modificada polas Instrucións da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional do 27 de abril e do 28 de maio de 2020 por mor da COVID-19.

O confinamento decretado polas autoridades provocou a partición do curso en dúas realidades diferentes, a das clases presenciais e a das clases non presenciais co uso de: Páxina web do centro, aula virtual do centro, correo corporativo, comunicación Abalar coas familias, espazo Abalar, videoconferencias CiscoWebex, libros dixitais E-Dixgal e outras plataformas que se incorporaron para atender a distancia ao alumnado.

1. Función planificadora temporal e de agrupamento de alumnos.

Coa COVID-19 o uso das novas tecnoloxías que require metodoloxías diferentes, abertas a unha experimentación constante, onde o feedback alumno-profesor é continuo e non estruturado á xornada lectiva, provocou grandes preocupacións. Sacou á luz a fenda dixital do alumnado que vive en contornas familiares economicamente débiles así como tamén unha fenda dixital no propio profesorado cuxa formación, nas ferramentas dixitais online, varía dunhas persoas a outras tal que unha parte do profesorado puido aproveitou todas as funcionalidades das ferramentas telemáticas e para outra parte do profesorado supuxo lograr novos retos de cara a sacarlle o máximo partido.

A partires do 14 de marzo, foi preciso planificar dun xeito novo aínda que a planificación dos grupos, que é unha tarefa sumamente laboriosa e que leva moitísimo tempo a maiores do que está nos horarios do equipo directivo e do PAS, comezou xa mentres remataba o curso anterior aplicando:

- As aportacións do profesorado que manifestaba en xefatura as súas dificultades e os seus logros con certa parte do alumnado.
- A suxestións dos equipos docentes que manifestaron durante as reunións das avaliacións as súas percepcións do alumnado para a composición dos grupos de cara a un mellor aproveitamento académico.
- A inxente colaboración das persoas titoras que xa durante o curso compartían o seu





coñecemento do alumnado, das características socioeconómicas e familiares que inflúen no rendemento escolar e recollían nos consellos orientadores o progreso das súas respectivas titorías.

- Os informes do departamento de Orientación. Informes non soamente de alumnado dos centros adscritos senón tamén doutros centros dos que nos chegaron solicitudes de admisión.
- O esforzo do persoal auxiliar administrativo e do equipo directivo que, tendo en conta as solicitudes de permanencia interna do propio alumnado, axustou a oferta educativa ás necesidades e peticións do alumnado e, segundo a dispoñibilidade e recursos humanos, mantivo a liña de calidade habitual con medidas de Atención á diversidade.
- A fusión das posibilidades organizativas anticipando, por unha parte, as previsións de profesorado e, por outra, o compromiso nos diversos Proxectos nos que o centro participa.
- Un novo horario de docencia para as clases presenciais de 2º de bacharelato, preparando dobres clases, unhas pequenas (14/16 pupitres) e outras grandes (30 – 33 pupitres), gardando en todas elas unha distancia de dous metros. Ao mesmo tempo reducíronse as mobilidades de alumnado e profesorado facendo clases dobres e dando prioridade a materias ABAU. Para garantir a prestación do servizo tamén estaba previsto un profesor de garda en cada sesión e período de lecer.

Setembro, outubro e a primeira semana de novembro estiveron marcados pola constante atención que precisaba o alumno Fernando GA de 1º ESO que fuxía do instituto e que orixinaba situacións de certa conflictividade. En novembro, as persoas responsables do citado alumno, solicitaron o traslado a outro centro, oída a Inspección educativa.

Ao longo do curso producíronse algunhas modificacións en canto ao número do alumnado matriculado como consecuencia das seguintes baixas e altas:

- Baixas → Tres en 1º ESO, unha en 2º ESO, tres en 3º ESO, catro en 4º ESO, catro en 1º bacharelato e seis en 2º bacharelato. Todas as da ESO por traslado de expediente.
- Altas → Dúas en 1º ESO, unha en 2º ESO, tres en 3º ESO, unha en 4º ESO e unha en





1º bacharelato.

Neste curso 2019/20 fíxose unha adaptación curricular nas materias de Bioloxía e Matemáticas ao alumno Jorge AF de 1º ESO.

Non houbo necesidade de facer Atención domiciliaria a ningún alumno. Pero si houbo atención intensa á alumna Angélica BC de 3º ESO que estivo, por tempadas, na Aula Hospitalaria do CHUS compostelá.

En canto a absentismo:

- Antes do estado de Alarma tiñamos un protocolo de absentismo completado en 2º ESO A, outro que se ía iniciar en 4º ESO C e outros dous que se iniciarían en 1º ESO A e en 2º ESO B.
- En 3º PMAR houbo un alumno que faltaba bastante á clase pero as ausencias eran xustificadas polas secuelas que tivo nun accidente de coche coa súa familia.
- En 3º ESO B iniciábanse dous protocolos pero, antes de poñelos en marcha, eses alumnos déronse de baixa.

Ademais da Xornada de portas aberta do 20 de febreiro fíxose un plan de acollida para o alumnado que chegaba doutros centros incorporándose co curso xa comezado, casos como os de Eva FT de 2º ESO ou Lucía PG de 1º .

Houbo que lamentar, unha vez máis por mor da pandemia, non poder celebrar a Semana da Música que leva integrada a acollida do alumnado procedente dos centros adscritos. Tampouco se puido facer a acollida do alumno Jorge JA procedente do IES Luis Seoane por unha medida correctora que propiciou a súa matrícula o 8 de xuño no noso centro.

Cambios de aulas ata o estado de alarma:

- En setembro: 1º ESO D intercambio con 4º ESO B.
- En outubro: 1º ESO A intercambio con 2º ESO C.
- En novembro: 1º ESO B intercambio con 3º ESO B.
- En xaneiro: 1º ESO A intercambio con 1º BTO C.
- En decembro: 1º ESO C intercambio con 1º ESO D.
- En febreiro:





- 1º ESO A intercambio con 1º BTO C.
- 1º ESO D intercambio con 1º BTO A.
- 1º ESO A intercambio con 4º ESO B.
- 3 de marzo foi necesario, por lesión dun alumno de 3º PMAR, baixar este grupo á aula de Debuxo técnico o que orixinou que materias específicas de 1º BTO A, 1º BTO B e 2º BTO B cambiasen as súas aulas.
- 11 de marzo o grupo de 1º ESO A tivo intercambio de aulas con 4º ESO B que rematou o venres 13 de marzo.

A todas luces necesitamos un ascensor pois, ao ir medrando a comunidade educativa no noso centro, é maior o alumnado e profesorado que presenta mobilidade reducida e prodúcese un intercambio de aulas que orixina inestabilidade, perdas de tempo e inclusive danos de material escolar.

2. Funcións orientadoras e de coordinación docente.

● Co departamento de Orientación.

Tanto antes do confinamento como durante o estado de alarma o traballo do departamento de Orientación foi indispensable. Primeiro para tratar ao alumno co que se facía preciso un seguimento exhaustivo pois, debido á súa problemática, orixinaba moita conflitividade no centro. Despois foron precisos moitos encontros, diálogos e revisións para atender ao alumnado ou ás familias que o demandaban así como para facer seguimento das conferencias e charlas pedagóxicas programadas no centro e nas saídas.

Coa profesora de pedagogía terapéutica houbo estreita colaboración desde Xefatura polas circunstancias dos alumnos que ela atendía.

A orientadora estivo presente en todas as reunións de xefatura coas persoas titoras.

Tamén, nas xuntas de avaliación, se contou coa inestimable participación e axuda do departamento de Orientación sobre aspectos xerais dalgún grupo, ou sobre cuestións particulares referentes a algún alumno con problemas de aprendizaxe ou de conduta e, en xeral, sobre as medidas da Atención á diversidade.





A coordinación é intensa co departamento de Orientación para a acción tutorial, a orientación académica do alumnado e o apoio ao proceso de aprendizaxe especialmente co alumnado de NEE e coas diversas medidas de Atención á diversidade.

• Coa Vicedirección.

Antes do confinamento, xefatura de estudos colaborou e apoiou en todo momento as labores de vicedirección na parte en que se encargaba de actividades complementarias e extraescolares, así como cando foi solicitada para que as actividades se levaran a cabo coordinando as datas e facendo relación do alumnado participante.

Durante o confinamento a relación inda se fixo máis estreita compartindo coñecementos, acompañándose e discorrendo solucións. A vicedirectora prestou grande axuda a esta xefa de estudos (persoa vulnerable e de risco ó virus) durante o estado de Alarma.

• Cos departamentos didácticos.

Así como antes do confinamento a xefatura de estudos acompaña e participa nas Comisións de Coordinación pedagóxica así tamén durante o confinamento a Xefatura de estudos estivo presente cos xefes dos departamentos para dar ánimos, acompañar nas dificultades, aclarar dúbidas que xurdiron referentes ás datas de materias pendentes e dialogar sobre a situación de parte do alumnado. É moi importante a colaboración na toma de decisións. Foi moi especial o traballo no nivel de 2º BTO cuxo alumnado podía comunicarse facilmente co profesorado pois os teléfonos privados do profesorado estaban accesibles grazas a un desvío de chamada desde os teléfonos do centro. E o 28 de maio tivemos, gardando todas as medidas sanitarias, unha reunión de CCP presencial no centro.

• Coas persoas titoras.

As reunións da xefatura coas persoas titoras leváronse a cabo por niveis académicos diferenciados nas datas fixadas previamente ao principio do curso conforme ao seguinte horario:



**Sesións de coordinación de persoas titoras****1º ESO: martes, das 12:30 ás 13:20 horas.****2º ESO: mércores, das 9:20 ás 10:10 horas. 1º BTO: mércores, das 10:25 ás 11:15 horas.****3º ESO: luns, das 10:25 ás 11:15 horas. 2º BTO: venres, das 9:20 ás 10:10 horas.****4º ESO: martes, das 13:20 ás 14:10 horas.**

Durante o presente curso realizáronse, desde setembro a maio, seis reunións coas persoas titoras por niveis coa seguinte orde do día.

Datas	Orde do día (resumo)
1º trimestre	
13 de setembro.	Presentacións; instrucións iniciais; revisión de aula; elección delegado...
Semana do 23 ao 27 de setembro.	Valoración presentacións; documentos de inicio de curso; reunións responsables de alumnado; absentismo escolar; plans; datos de contacto; sub/delegados; indicacións avaliación inicial; convivencia; orientación; rogos e preguntas.
Semana do 11 ao 15 de novembro.	Valoración reunións responsables de alumnado e avaliacións iniciais; xestión de taquillas; formación TICs; sub/delegados; estado de aulas; absentismo escolar; indicacións 1ª avaliación e probas de pendentes; Nadal; correos electrónicos; convivencia; orientación; rogos e preguntas.
2º trimestre	
Semana do 20 ao 24 de xaneiro.	Valoracións 1ª avaliación e probas de pendentes; estado de aulas; formación TICs; Proceso de admisión (centros adscritos); Entroido; absentismo escolar; convivencia; orientación; rogos e preguntas.
Semana do 2 ao 6 de marzo.	Indicacións 2ª avaliación; revisión de aulas; absentismo escolar; Semana Santa; proceso de admisión (permanencias); títulos; convivencia; orientación; rogos e preguntas.
3º trimestre	
Semana do 20 ao 24 de abril.	Valoración 2ª avaliación; indicacións avaliación pendentes e ordinaria; estado de aulas; indicacións xuño/setembro; títulos; proceso de admisión (permanencias); absentismo escolar; convivencia; orientación; rogos e preguntas.
Semana do 18 ao 23 de maio.	Indicacións avaliación pendentes e extra/ordinaria; indicacións fin de curso e setembro; matrícula xuño e setembro; revisión final de aulas; recollida portátiles EDIXGAL; absentismo escolar; convivencia; orientación; rogos e preguntas.

Antes do confinamento puideron realizarse en presenza física as das seguintes datas:

Inicial do 13 de setembro, semana do 23 ao 27 de setembro, semana do 11 ao 15 de novembro, semana do 20 ao 24 de xaneiro. No estado de Alarma tivemos unha





xuntanza de titoría e profesorado de apoio o 19 de maio a través de Webex.

Para a boa marcha académica do centro a labor das persoas titoras durante o estado de alarma foi extraordinaria empregando moitísimo tempo no seguimento do alumnado, con horarios extra, con detallada atención individualizada para acompañar, axudar e alentar a cada alumno.

Na táboa seguinte atópase a relación de persoas titoras. A maiores publicáronse os seus correos corporativos na web (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesxunqueira2/taxonomy/term/178>), polo que calquera familia ou alumnado puido poñerse en contacto coa persoa titora respectiva:

Grupo	Persoa titora	Horario de atención
1º ESO A	Cadaveira López, Paula.	Martes, das 12:30 ás 13:20h.
1º ESO B	Caamaño Sendón, Ana Isabel.	Martes, das 12:30 ás 13:20h.
1º ESO C	Carbajo Esteban, José Ignacio.	Xoves, das 10:25 ás 11:15h.
1º ESO D	González Picáns, Alba.	Martes, das 12:30 ás 13:20h.
2º ESO A PMAR	López Muñoz, Pablo.	Mércores, das 9:20 ás 10:10h.
2º ESO A	Ricoy Bugarín, José Antonio.	Luns, das 12:30 ás 13:20h.
2º ESO B	Cambón Cancela, Lorena.	Mércores, das 9:20 ás 10:10h.
2º ESO C	Rodríguez Álvarez, José Luis.	Mércores, das 9:20 ás 10:10h.
2º ESO D	Gómez Calviño, Esmeralda Jerusa.	Venres, das 10:25 ás 11:15h.
3º ESO A PMAR	Godón Davila, Xosé Francisco.	Luns, das 10:25 ás 11:15h.
3º ESO A	Mezquita Fernández, M ^a Inmaculada.	Luns, das 10:25 ás 11:15h.
3º ESO B	García Otero, Rosa.	Mércores, das 10:25 ás 11:15h.
3º ESO C	Abarca Rodríguez, Diego.	Luns, das 10:25 ás 11:15h.
3º ESO D	Casal Dorado, José María.	Luns, das 10:25 ás 11:15h.
4º ESO A	Sarandeses López, M ^a Blanca.	Martes, das 13:20 ás 14:10h.
4º ESO B	Álvarez Paredes, M ^a del Mar.	Venres, das 9:20 ás 10:10h.
4º ESO C	Torres Baena, María Isabel.	Venres, das 11:15 ás 12:05h.
4º ESO D	Suárez Quintas, Soraya.	Xoves, das 13:20 ás 14:10h.
1º BTO A	Castro García, M ^a Jesús.	Mércores, das 10:25 ás 11:15h.





Grupo	Persoa titora	Horario de atención
1º BTO B	López Sobrado, Marta.	Mércores, das 10:25 ás 11:15h.
1º BTO C	Puime Montero, Patricia María.	Mércores, das 10:25 ás 11:15h.
1º BTO D	Cancela Silva, María Celeste.	Mércores, das 10:25 ás 11:15h.
2º BTO A	Blanco Imes, Catarina Linn.	Venres, das 9:20 ás 10:10h.
2º BTO B	Otero Pérez, José Manuel.	Venres, das 9:20 ás 10:10h.
2º BTO C	Bonanad Calviño, Francisco Javier.	Xoves, das 10:25 ás 11:15h.

• **Co alumnado e coa xunta de persoas delegadas.**

Nas primeiras semanas de curso fixéronse en cada grupo as oportunas votacións para que o alumnado elixise aos seus representantes que poden verse na seguinte táboa:

Grupo	Delegadas/os	Subdelegadas/os
1º ESO A	Cecilia Martí Pesqueira.	Hugo Vázquez Corredoira.
1º ESO B	Lía García Chaves.	Emily Colman Nogueira.
1º ESO A-B	Evelyn A. Molas Rodríguez.	Lía García Chaves.
1º ESO C	Raquel Canitrot Calvo.	Jorge Grajales Pereira.
1º ESO D	Lucas Otero Torrado.	Manuel Corredoira Castiñeira.
1º ESO C-D	Lucas Otero Torrado.	Manuel Corredoira Castiñeira.
2º ESO A PMAR	Cristian Muíños Lusquiños.	Raúl Varela Piñeiro.
2º ESO A	Marta Carlés Fontán.	José Abollado Bugallo.
2º ESO B	Jorge Piñeiro González	Elías Fahmi Aboufaris
2º ESO C	Yago Amoedo Martínez.	Breixo Castiñeira López.
2º ESO D	Juan Ocampo Suárez.	Mauro García Sola.
3º ESO A PMAR	Eva Santos Lobagueira	Iván Rey González
3º ESO A	Javier Cons Fariña	Xermán González Rivas
3º ESO B	Francisco Rivero González.	Jara M ^a Paz González.
3º ESO C	Duarte Martínez Rubiano.	María Buceta Paz.
3º ESO D	Eric D. Castellanos Sobrado.	Antonio A. Reguera Arzúa.
4º ESO A	Alicia Martínez Márquez.	Diego Torres Buceta.





Grupo	Delegadas/os	Subdelegadas/os
4º ESO B	Daniel Rivera Bonilla.	Jon Badas Cimadevila.
4º ESO C	Nerea Dios Cortegoso.	Carlos Rodríguez Viéitez.
4º ESO D	Iago Martínez López.	Adrián López Fernández.
1º BTO A	Esteban Carballido Campo.	Diego Méndez Villar.
1º BTO B	Iria Rivas Gómez.	Pablo Rodríguez Sánchez.
1º BTO C	Álvaro Losada Montes.	David Rodiño Suárez.
1º BTO D	Ainhoa Rodríguez Rey.	Marcos Durán Hermida.
2º BTO A	Laura Blanco Lemos.	Juan Piñeiro Rascado.
2º BTO B	Lucía Escudero Sartages.	Ramón Fernández Iglesias.
2º BTO C	Fabio Grajales Pereira.	Martín Alonso González.
2º BTO D	Viktoría Yakovenko.	Alberto Varela Souto.

Houbo reunións de xefatura coas persoas delegadas de grupo, ás que tamén asistiron os alumnos representantes no Consello escolar, nas seguintes datas: Venres 11, luns 14 e martes 15 de outubro, venres 31 de xaneiro, martes 4 de febreiro, mércores 5 de febreiro e venres 7 de febreiro.

Polo confinamento non puideron celebrarse todas as previstas nin constituírse a Xunta de Delegadas/os

• Coas persoas responsables.

Antes do estado de Alarma: Tivemos na primeira semana de outubro as reunións de cada grupo coas persoas responsables do alumnado e coas persoas titoras en cada aula para presentarles o novo curso coas normas, consellos e orientacións necesarias.

Tanto en presenza física como despois durante o confinamento Xefatura de estudos estivo en contacto coas persoas responsables do alumnado que nalgún momento lles eran derivadas polas persoas titoras ou por algún profesor. Nalgúns casos a iniciativa partiu das propias familias e, noutros casos, partiu de xefatura para tentar resolver situacións que precisaban a implicación familiar.

• Co profesorado.





O profesorado foi atendido en diversos aspectos no despacho e tamén, na medida en que a presenza de xefatura era solicitada, nas aulas para axudar a unha mellor convivencia.

Aproveitouse para compartir información, realizar a análise de cada grupo, chegar a acordos de actuación conxunta, toma de decisións para intentar mellorar e optimizar o rendemento académico, tamén o clima de convivencia e facer un seguimento do proceso ensino e de aprendizaxe.

Na etapa de confinamento esa relación acentuouse nalgún caso con longas conversas telefónicas e diminuíu noutros casos nos que non se precisaba apoio de xefatura.

• Con outras institucións.

Coa ANPA para organizar aspectos e comentar a coordinación das súas actividades.

Con Servizos Sociais por teléfono e en persoa para facer seguimento do alumnado e realización dos informes demandados.

Co Xulgado de menores cando solicitaron algún informe.

Co Concello de Pontevedra para a realización de actividades propostas.

Cos educadores do Príncipe Felipe varias entrevistas dada a presenza nas nosas aulas de alumnos que viven nese centro.

Relación e informes ao Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Relacións coa Policía local e nacional para corrixir a presenza de persoas alleas ao centro.

3. Funcións convivenciais e disciplinarias.

Como xa dixemos no apartado “a” os meses de setembro, outubro e a primeira semana de novembro supuxeron unha sobrecarga na convivencia pola constante atención que precisaba o alumno Fernando GA de 1º ESO que escapaba do instituto e que orixinaba situacións de certa conflitividade. Cando o alumno foi trasladado a outro centro máis acorde coas súas necesidades, onde ser atendido individualmente, a conflitividade foi similar a de cursos anteriores coa novidade de que os 1º ESO parecían máis tranquilos que os de cursos anteriores e había máis roces en 2º e en 3º. Na táboa seguinte pode





observarse a situación:

Curso 2019/20	Libro de aula inclusiva				Partes falta de orde				Derivacións a domicilio			
	T1	T2	T3	Total	T1	T2	T3	Total	T1	T2	T3	Total
1º da ESO	---	---	---	---	5	---	---	5	2	---	---	2
2º da ESO	---	---	---	---	10	---	---	10	1	---	---	1
3º da ESO	---	---	---	---	16	---	---	16	2	---	---	2
4º da ESO	---	---	---	---	5	---	---	5	0	---	---	0
1º de bacharelato	---	---	---	---	4	---	---	4	0	---	---	0
2º de bacharelato	---	---	---	---	1	---	---	1	0	---	---	0
TOTAIS	---	---	---	---	41	---	---	41	5	---	---	5

Compre dicir que no primeiro trimestre non foron moitas as faltas de orde por escrito nin as derivacións porque acostuma a ser un trimestre de “tanteo” no que tanto o profesorado como o alumnado inda se está a coñecer.

Así, en canto ás derivacións ó domicilio familiar tivemos dúas en 1º ESO do alumno que xa non está connosco, unha en 2º ESO dun alumno ó que se fixo protocolo de absentismo e dúas en 3º ESO dunha alumna e dun alumno que actualmente son baixa no noso centro.

Esta xefatura segue na convicción de que derivar o alumnado ao seu domicilio non axuda a resolver os problemas de convivencia polo que se empeña en que, a base de diálogo e conciliacións, e ademais solicitando unha maior implicación dos responsables familiares parece que podemos lograr unha mellor convivencia.

É importantísima a mediación realizada por o TEI e as persoas titoras. Por exemplo, un conflito entre dúas alumnas de 1º ESO B que era catalogado como acoso por unha das familias implicadas aclarouse tras unha tarefa grande de mediación.

Aínda así cabe sinalar que seguimos notando dificultades de integración dos grupos de PMAR nos grupos de referencia.

No segundo trimestre xa empezaba a notarse que unha parte do alumnado se desenganchaba do esforzo académico. Concretamente o grupo de 2º ESO B comportouse con irregularidade e manifestando (unha parte do seu alumnado) condutas destrutivas que





levaron a derivacións a domicilio. E o luns, 3 de febreiro fixemos cambios nas gardas para un mellor control durante os períodos de lecer.

Durante a etapa de clases presenciais os alumnos que tiñan máis problemas eran os que tiñan pasado de curso por imperativo legal. Este perfil de alumnado asiste ao centro forzado pola obrigatoriedade pero sen vontade ningunha de aprender e acaba no absentismo e/ou problemas de convivencia.

Houbo, como en cursos anteriores, outros roces e conflitos entre o alumnado que se foron resolvendo por mediación, móbiles requisados polo profesorado (non moitos en comparación ao uso que se ve nos corredores durante os períodos de lecer), libros de texto desaparecidos, pequenos furtos que se resolveron tras unha longa investigación e outras incidencias de enfermidades, todo lóxico nun grande colectivo humano.

A partires do 13 de marzo todos eses problemas de convivencia desapareceron ao quedarmos confinados nas nosas casas. Inda así hai que lamentar algúns correos electrónicos faltos de respecto á tarefa do profesorado.

Non houbo nada que destacar de conflitividade cando o alumnado de 2º BTO se reincorporou o 25 de maio ás clases. Ao contrario o seu comportamento foi destacado respectando todas as normas sanitarias.

4. Conclusións.

Todo o anterior é unha moi pequena relación do curso 2019/20 en xefatura. No ordenador do despacho están recollidas a diario unha parte das incidencias que se producen aínda que o acontecido durante o estado de Alarma queda como nunha nebulosa imposible de detallar por escrito. Desde logo non están contabilizadas por escrito todas as situacións con alumnos, familias e profesorado pois requiriría detallar ao momento todo o que se vive no cotián.

8. Informe de secretaría.

1. Aspectos económicos xerais.

Os membros da comisión económica do consello escolar para o bienio 2018/20 encóntranse relacionados no apartado 2.a, onde tamén veñen relacionadas as reunións





que tiveron.

Tamén se pode consultar no apartado 2.a cando foron informadas as contas do exercicio anterior e cando foi presentado o anteproxecto de orzamento das contas presente exercicio.

2. Instalacións e equipamento.

Ao longo do curso 2019/20 chegaron as seguintes dotacións:

- 100 pupitres e cadeiras por mor do incremento de matrícula e reposición.
- 2 armarios de vitrina para o Espazo Maker.
- Un xogo de porterías para repoñer as das pistas exteriores.
- Percheiros de de oito ganchos para repoñer nas aulas.
- 4 corticeiras para exposicións e/ou aulas.
- 1 microscopio para o laboratorio de bioloxía.

3. Obras de acondicionamento e mellora.

- Posta a punto ordinaria do centro (pintado e arranxos varios nas aulas)
- Como obras de gran tamaño:
 - Substitución de falsos teitos (1º andar e andar baixo), en termos acústicos e térmicos co obxectivo de acadar o 70% dos instalados, aproveitando para renovar o 100% da iluminación Led neste andar.
 - Construción das aulas TIC1 (1º andar, entre escaleiras) e 2º de bacharelato D (2º andar, entre escaleiras)
 - Adecuación do Espazo maker.
 - Instalación de ventás na aula Informática 0.
 - Instalación de porta correidora na aula de debuxo Técnico.
 - Adecuación dos armarios da secretaría para que sexan máis accesibles.
 - Adecuación dos aseos de profesorado e accesos ao hall de oficinas.
- Amestramento e chaves nas portas de emerxencia.
- Proxecto abalar-Edixgal:
 - Ampliación da cobertura WIFI ao 90% dos espazos.





- Servizo wifi de balde para o alumnado e profesorado.
- Migración paulatina de tódolos ordenadores á contorna abalar.
 - Aulas normais. (xa están o 95%)
 - Aulas de informática. (Xa están o 100%)
- Departamentos, despachos, oficinas, biblioteca...
 - Un equipo en Windows e outro en Abalar.
- Conformidade do centro no proxecto Edixgal para os niveis de 1º e 2º de ESO con 6 materias para cada nivel.
- Abalarmóbil e mensaxería Abalar.
 - Considérase que esta canle de comunicación entre o centro e os responsables é todo un éxito pois o 95% dos responsables activaron o servizo.

9. Informe ao claustro e ao Consello escolar.

A presente memoria é informada ao Consello escolar do 29 de xuño de 2020 e claustro do 30 de xuño de 2020.

10. Anexos.

1. Oferta educativa para o vindeiro curso escolar.

2. Estatísticas.

3. Memoria de Vicedirección.

4. Memoria do departamentos de Orientación.

- Por mor da Ley de Protección de Datos, esta memoria só poderá ser consultada de xeito presencial, logo da solicitude motivada por rexistro na secretaría.

5. Memorias dos departamentos didácticos.

- Memoria do dep. de Bioloxía e xeoloxía.





- Memoria do dep. de Debuxo.
- Memoria do dep. de Economía.
- Memoria do dep. de Filosofía.
- Memoria do dep. de Física e química.
- Memoria do dep. de Francés.
- Memoria do dep. de Grego e Latín
- Memoria do dep. de Inglés.
- Memoria do dep. de Lingua castelá e literatura.
- Memoria do dep. de Lingua galega e literatura.
- Memoria do dep. de Matemáticas.
- Memoria do dep. de Música.
- Memoria do dep. de Relixión.
- Memoria do dep. de Tecnoloxía.
- Memoria do dep. de Xeografía e historia.

6. Memorias de proxectos de innovación educativa.

- Memoria do Equipo de dinamización en lingua galega.
- Memoria do PLAMBE - Plan de mellora de bibliotecas escolares.
- Memoria do club de lectura.
- Memoria dos Contratos-programa.
 - Programa ARCO - Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación.
 - Programa TEI - Titoría entre iguais.
- Memoria de plan Proxecta.
- Memoria do CUALE - Formación complementaria en linguas estranxeiras.
- Memoria do club de Ciencia.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
IES A Xunqueira II

Rúa Celso Emilio Ferreiro, 6
E-36005 Pontevedra
886.15.90.90 886.15.90.98
ies.xunqueira.2@edu.xunta.es
www.iesaxunqueira2.com



galicia

- Memoria do Espazo Maker.
- Memoria do STEMBach.



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

